

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 5 DE OUTUBRO DE 2020.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.ª María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta María Figueroa Fuentes
D.ª Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.ª Yessica Méndez Sánchez

NON ASISTE:

D. Carlos Liñares Gestal

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día cinco de outubro do ano dous mil vinte, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.ª María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta María Figueroa Fuentes, D.ª Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.ª Yessica Méndez Sánchez.

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro D. Carlos Liñares Gestal.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.ª Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2020.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 28 de setembro de 2020, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 28 de setembro de 2020.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Orde do 28 de setembro de 2020, da Consellería do Mar, pola que se modifican determinados plans de explotación marisqueira con motivo das obras de dragaxe na ría do Burgo. DOG núm. 197 do 29-09-2020.
- Anuncio do 21 de setembro de 2020, do Concello de Culleredo, de requirimento de xestión de biomasa, expediente UME/2019/468. DOG núm. 200 do 02-10-2020.

Código do documento	Código do expediente
USG14I01YB	USG/2020/142
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 6S2G 0R2K 661K 1Q05 0GV0	

- Resolución do 25 de setembro de 2020, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan cursos de formación continua para o persoal dos corpos da policía local dos concellos de Galicia. DOG núm. 201 do 05-10-2020.
- Anuncio do 22 de setembro de 2020, do Concello de Culleredo, de requirimento de xestión de biomasa, expediente UME/2019/608. DOG núm. 201 do 05-10-2020.
- Anuncio do 22 de setembro de 2020, do Concello de Culleredo, de requirimento de xestión de biomasa, expediente UME/2019/589. DOG núm. 201 do 05-10-2020.
- Anuncio do 25 de setembro de 2020, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación definitiva do Orzamento do exercicio 2020.
- Anuncio do 29 de setembro de 2020, do Consorcio As Mariñas, relativo á aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de lacería, canceira e cremación de animais mortos no territorio do Consorcio As Mariñas. BOP núm. 166 do 05-10-2020.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. secretaria dá lectura ao escrito da Sra. concelleira delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte, de data 5 de outubro de 2020, que transcrito literalmente di:

“DACIÓN DE CONTA DA CONCELLERÍA DE ÁREA DE POLÍTICA SOCIAL E PROMOCIÓN DO DEPORTE.

Dase conta á **XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do día **05/10/2020** das seguintes resolucións emitidas dende esta concellería :

C.I.F. P-1503100-H

**PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013					
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
22/09/2020	1189	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***9670**	Pago do recibo de gas, correspondente aos periodo do 11/02/2020 ao 13/04/2020 Pago do recibo de auga, correspondente ao 1º trimestre de 2020 Recibo de electricidade, correspondente aos meses de febreiro, marzo, abril, maio e xuño de 2020	95,66€ 63,80€ 193,12€
1222	28/9/2020	Concesión axuda económica.	***7864**	Pago de aluguer, correspondente ao 4 meses do ano 2020,	920€

Código do documento	Código do expediente
USG14I01YB	USG/2020/142
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6S2G 0R2K 661K 1Q05 0GV0	

				(230€/mes).	
--	--	--	--	-------------	--

SERVIZOS COMUNITARIOS BÁSICOS

2.2.2.- A Sra. secretaria dá lectura ao escrito do Sr. concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo, de data 2 de outubro de 2020, que transcrito literalmente di:

**“DACIÓN DE CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DA CONCELLERÍA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, CULTURA, FESTAS E TURISMO.**

O concelleiro de Desenvolvemento local, Cultura, Festas e Turismo dá conta á Xunta de Goberno local do día 5 de outubro de 2020 da realización das seguintes actividades:

ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 9 DE OUTUBRO

Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:

Festival Galicreques.

Alúa Teatro (Salamanca): *No es el fin del huerto de Fermín.*

Todos os públicos. Aforo limitado polo COVID. Uso obrigatorio de mascariña.

Reserva de asentos na mesma semana no teléfono 981665597. “

2.3.- SENTENZA 475/2020 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO SEC. 2 A CORUÑA, RECURSO DE APELACIÓN NÚM. 4086-2019.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 475/2020, do 18 de setembro de 2020, ditada pola Sección Segunda da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación núm. 4086/2019 interposto por J.A.V.L. contra a sentenza 158/18 do 28.11.2018 P.O. 53/17 do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 4 da Coruña (demolición obras executadas nun galpón situado na rúa San Xiao núm. 23 da parroquia de Almeiras), cuxo fallo di:

“(…/…)”

1) Desestimar el recurso de apelación interpuesto por D. J.A.V.L., Procurador: D. JOSE MARTIN GUIMARAENS MARTÍNEZ; contra SENTENCIA 158/18 DE 28.11.18 P.O 53/17, del Juzgado de lo Contencioso-administrativo nº 4 de A Coruña.

2) Hacer imposición del pago de las costas procesales a la parte apelante dentro del límite establecido en la fundamentación jurídica de la presente resolución.

Contra esta sentencia cabe interponer, bien ante el Tribunal Supremo, bien ante la correspondiente Sección de esta Sala, el recurso de casación (…/…)”

Código do documento	Código do expediente
USG14I01YB	USG/2020/142
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6S2G 0R2K 661K 1Q05 0GV0	

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde-presidente
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)